

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

TÍTULO II. DOS CLUBS.

TÍTULO III. DOS ESPELEÓLOGOS.

TÍTULO IV. DOS ÓRGANOS DA F.G.E.

Capítulo 1. Disposicións Xerais.

Capítulo 2. Os Órganos de Goberno e Representación.

Sección 1ª. Da Asemblea Xeral.

Sección 2ª. Da Comisión Delegada.

Sección 3ª. Do Presidente.

Capítulo 3. Dos Órganos Complementarios.

Da Xunta Directiva.

Capítulo 4. Dos Órganos do Réxime Interno.

Capítulo 5. Da Escola Galega de Espeleoloxía.

TÍTULO V. DO RÉXIME DISCIPLINARIO.

TÍTULO VI. DO RÉXIME ECONÓMICO.

TÍTULO VII. DO RÉXIME DOCUMENTAL E CONTABLE.

TÍTULO VIII. DA DISOLUCIÓN DA F.G.E.

TÍTULO IX. DA APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS FEDERATIVOS.

Disposicións Finais.

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA (F.G.E.)

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1 – A Federación Galega de Espeleoloxía (no sucesivo F.G.E.), é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos seus asociados. Constituíuse o 30 de Maio de 1.981 sendo a continuación do antigo Comité Rexional Galego de Espeleoloxía (1.969) e a Sección Galega de Espeleoloxía (1.977) e réxese, na actualidade, polo disposto na Lei do Deporte (Lei 11/1997 do 22 de Agosto – D.O.G. do 4 de setembro), e a normativa estatal de aplicación supletoria, Real Decreto 1835/1991 do 20 de Decembro (B.O.E. do 30 de Decembro) sobre Federacións Deportivas Españolas, e demais disposicións que conforman a lexislación deportiva, Lei 10/1990, de 15 de outubro, del Deporte. (BOE del 17 de outubro de 1990), pola Orde do 28 xullo de 1995 pola que se desenvolve o Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das Federacións Deportivas Galegas, polo Decreto 228/1994 do 14 de Xullo (D.O.G. do 26 de Xullo) regulador das Federacións Deportivas Galegas, pola Orde do 28 de Xullo de 1.995 (D.O.G. do 8 de Agosto), pola Orde do 3 de abril de 2006 (D.O.G. 78 do 24 de abril) pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, polos presentes Estatutos e o seu Regulamento Xeral e polas de orde interno que dite no exercicio das súas competencias.

Artigo 2 – A Federación Galega de Espeleoloxía é a entidade que reúne e coordina a todas as Entidades e Seccións de Espeleoloxía radicadas na Comunidade Autónoma Galega que, á súa vez, reúnen e agrupan os seus espeleólogos.

Artigo 3 – A F.G.E. está afiliada e ostenta a representación exclusiva de Galicia perante a Federación Española de Espeleoloxía (F.E.E.), así mesmo, en cantas actividades e competicións oficiais de carácter estatal celebradas fora e dentro da Comunidade Autónoma Galega, que están relacionadas coa Espeleoloxía.

Artigo 4 – O seu enderezo social establécese na Coruña, Complexo Deportivo de Elviña – Avda. Glasgow nº 13, podendo ser trasladada a outro lugar dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega có voto favorable da maioría absoluta da Asemblea Xeral.

Artigo 5 – Correspóndelle á F.G.E., como actividade propia, o goberno, administración, xestión, organización e regulamentación da Espeleoloxía na Comunidade Autónoma Galega.

Na súa virtude é propia dela:

a) A ensinanza, promoción e divulgación da Espeleoloxía, así como, das súas diversas modalidades: Descenso de Canóns e Barrancos, Espeleomergullo e Espeleosocorro, dentro do seu ámbito de competencias, en coordinación coas Entidades e Seccións de Espeleoloxía, en todas as súas manifestacións, orientando a actuación dos seus espeleólogos cara unha maior comprensión e coñecemento do mundo soterrado e a adquisición dunha técnica que permita a práctica deste deporte coa máxima seguridade.

b) Estimular de forma técnica a práctica da Espeleoloxía con estudos e traballos relativos á mesma, e nos seus aspectos deportivos, científicos e educativos con outros deportes afíns.

c) Apoiar técnica e administrativamente a Espeleoloxía, en todos os aspectos e manifestacións, dentro da Comunidade Autónoma Galega e nas saídas oficiais feitas polos seus espeleólogos ó resto do territorio español.

d) Fomentar e colaborar nas actividades científicas relacionadas coa Espeleoloxía, tales como: Investigacións e exploracións xeolóxicas, xeográficas, meteorolóxicas, fauna, flora, etcétera.

e) Fomentar a defensa do patrimonio natural, histórico, paleontolóxico e arqueolóxico.

f) Realizar as xestións oportunas perante dos organismos públicos e privados, para a protección e apoio da Espeleoloxía, así mesmo, velar polo prestixio da mesma.

g) Manter un vínculo de unión e colaboración cós organismos e entidades que se dediquen ó estudo e investigación do mundo soterrado e o seu entorno.

h) Organizar as actividades, designación de zonas de traballo e competicións de ámbito autonómico.

i) En xeral, cantas actividades atendan para a promoción e coñecemento da Espeleoloxía.

Artigo 6 – Ademais das previstas no artigo anterior como actividades propias da F.G.E., esta exerce baixo a coordinación da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e da Federación Española de Espeleoloxía, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

a) Cualificar e organizar no seu caso, as actividades e competicións oficiais de ámbito Autonómico e as de ámbito Estatal delegadas pola Federación Española de Espeleoloxía.

b) Actuar en coordinación coas súas Entidades e Seccións para a promoción xeral da Espeleoloxía na Comunidade Autónoma Galega.

c) Diseñar, elaborar e executar, en colaboración, no seu caso, coa Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Federación Española de Espeleoloxía, os plans de preparación dos deportistas galegos de alto nivel nas súas respectivas modalidades deportivas, así como, participar na elaboración das listas anuais dos mesmos.

d) Colaborar coa Comunidade Autónoma na formación de técnicos deportivos e na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentados no deporte.

e) Organizar ou tutelar as actividades e competicións oficiais de carácter nacional que se celebren no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

f) Exercer a potestade disciplinaria deportiva dentro do seu marco de actuación, nos termos establecidos pola Lei do Deporte e as súas específicas disposicións de desenvolvemento, lexislación da Comunidade Autónoma Galega e os presentes Estatutos e Regulamentos.

g) Exercer o control das subvencións que asigne as Entidades e Seccións nas condicións que fixe a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Federación Española de Espeleoloxía.

h) Executar, no seu caso, as resolucións dos Comités competentes en materia de Disciplina Deportiva.

Artigo 7 – A F.G.E. non admite discriminación algunha por razón de orixe étnico ou social, credo político ou relixioso, sexo, opción sexual e de saúde, nin intromisións de tal carácter.

Artigo 8 – A F.G.E. estrutúrase territorialmente de acordo coas súas necesidades deportivas e en consonancia coa distribución da Comunidade Autónoma.

TÍTULO II

DOS CLUBS

Artigo 9 – 1. Son Clubs deportivos as Entidades Deportivas privadas, integradas polas persoas físicas, que teñan por obxecto principal a promoción da Espeleoloxía, a práctica da mesma polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións deportivas de acordo có disposto por estes Estatutos e Regulamentos.

2. Todos os Clubs deberán inscribirse no correspondente Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

3. O recoñecemento a efectos deportivos acreditarase mediante certificación da inscrición no Rexistro indicado.

4. Considéranse tamén como Clubs, as Seccións de Espeleoloxía creadas dentro das Entidades con outro fin principal, sempre que estas figuren afiliadas á F.G.E.

5. Para participar en actividades e competicións oficiais de ámbito autonómico, deberán estar inscritas na F.G.E.

Artigo 10 – Os Clubs integrados na F.G.E. deberán facilitar anualmente a esta a seguinte información:

a) Os nomes dos compoñentes das súas Xuntas Directivas.

b) Memorias anuais de actividades.

c) Calendario de actividades aprobado nas súas respectivas Asembleas.

d) Comunicarán á F.G.E. as súas normas estatutarias e regulamentarias e, modificacións ás mesmas.

e) Deberán colaborar coa F.G.E. en todos os traballos administrativos que permitan aos clubs e seus asociados disfrutar dos beneficios que outorga a súa afiliación.

Artigo 11 – 1. Os Clubs integrados na F.G.E. deberán satisfacer a esta as cotas que, no seu caso, estableza a mesma e, así mesmo, a que puidera corresponder pola expedición de licencias.

2. Sen prexuízo da independencia patrimonial e da autonomía de xestión económica propias dos Clubs, a F.G.E. controlará as subvencións que aqueles reciban dela ou a través dela, desenvolvendo unha regulamentación específica.

Artigo 12 – Os Clubs exercen a potestade disciplinaria sobre os seus socios de acordo coas súas propias normas estatutarias e có resto do ordenamento xurídico deportivo, instruindo e resolvendo expedientes disciplinarios deportivos de oficio ou en virtude de denuncia motivada.

TÍTULO III

DOS ESPELEÓLOGOS

Artigo 13 – Para a participación dos espeleólogos en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, será preciso estar en posesión de licenza, expedida pola F.G.E. ou calquera outra licenza análoga de Espeleoloxía recoñecida pola F.G.E..

Artigo 14 – A licenza da F.G.E. é un dereito individual do espeleólogo. É única, persoal e intransferible e terá unha validez máxima de un ano.

Artigo 15 - 1. As licenzas da F.G.E. solicitadas, serán expedidas no ámbito da Comunidade Autónoma Galega exclusivamente pola F.G.E.

2. Os espeleólogos, a través dos seus Clubs respectivos, ou individualmente no caso de licenza individual, aboarán o montante económico do seguro obrigatorio sobre accidente, cota da F.G.E. e outras cotas que se puideran crear ó efecto pola F.G.E. ou a F.E.E..

3. A F.G.E. poderá habilitar licenzas da F.E.E. por delegación.

Artigo 16 – A cota correspondente á F.G.E. será fixada pola Asemblea da F.G.E. a proposta da Xunta Directiva.

TÍTULO IV

DOS ÓRGANOS DA F.G.E.

CAPÍTULO I

Disposicións Xerais

Artigo 17 – A F.G.E. terá como órganos fundamentais:

- A) De goberno e representación
 - 1. A Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada.
 - 2. O Presidente.
- B) Complementarios
 - 1. A Xunta Directiva.
- C) Técnicos
 - 1. Escola Galega de Espeleoloxía
- D) De xustiza federativa
 - 1. O Comité Xurisdiccional e de Conciliación.
 - 2. O Comité de Apelación.

Así mesmo, poderanse formar cantas comisións considere oportunas a Xunta Directiva, e aprobe a Asemblea.

Artigo 18 – Son requisitos para ser membro dos órganos da F.G.E.:

- 1) Ser español.
- 2) Ter a maioría de idade civil.
- 3) Non estar inhabilitado para desempeñar cargos públicos.
- 4) Ter capacidade de obrar.

- 5) Non estar suxeito a sanción disciplinaria deportiva que inhabilite para elo.
- 6) Non estar incurso nas incompatibilidades establecidas para elo.
- 7) Os específicos que, para cada caso e se os houberse, determinen os presentes Estatutos.
- 8) Non obter proveito material persoal, derivado de determinada actividade económica, comercial, industrial ou profesional, relacionada coa Espeleoloxía.

Artigo 19 – 1. Todos os membros dos órganos colexiados federativos que formen parte deles por elección, desempeñarán o seu mandato por un tempo de catro anos, coincidindo cós anos dos Xogos Olímpicos de inverno do que se trate e poderán, en todo caso, ser reelixidos, salvo no suposto que prevé o artigo 37.5 dos presentes Estatutos.

2. No caso de que, por calquera circunstancia, non consumaren aquel período de mandato, quen ocupe as vacantes exercerán o cargo polo tempo igual ó que restase por cumprir aos substituídos, os cales non poderán presentarse a unha nova elección ata que transcorra o período olímpico para o que foran elixidos.

Artigo 20 – Serán órganos electivos o Presidente, a Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada. Os demais órganos serán designados e revocados libremente polo Presidente.

Artigo 21 – 1. As sesións dos órganos colexiados da F.G.E. (Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Xunta Directiva) serán sempre convocadas polo seu Presidente ou, a requirimento deste, polo Secretario, e terán lugar cando aquel así o acorde e, desde logo e ademais, nos tempos que, no seu caso, determinan as disposicións estatutarias ou regulamentarias.

2. A convocatoria dos órganos colexiados da F.G.E. efectuarase dentro dos termos que en cada caso concreto prevean os presentes Estatutos. En ausencia de tal previsión ou nun suposto de especial urxencia, a mesma efectuarase cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

3. Quedarán validamente constituídos, en primeira convocatoria, cando asista a maioría absoluta dos seus membros, e en segunda, cando este presente, polo menos, un terzo. Elo será sen prexuízo de aqueles supostos específicos nos que os presentes Estatutos requiran un quórum de asistencia maior.

4. Corresponderá ó Presidente dirixir os debates coa autoridade propia do seu cargo.

5. Os acordos adoptaranse por maioría simple, salvo nos supostos nos que os presentes Estatutos prevean un quórum máis cualificado. Cada representante terá un voto.

6. De todas as sesións levantarase acta, na forma que prevé o artigo 43 deste ordenamento.

7. Os votos contrarios aos acordos dos órganos colexiados, ou as abstencións motivadas, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse da súa adopción.

Artigo 22 – 1. Son dereitos dos membros da organización federativa:

a) Tomar parte nas deliberacións, expresando libremente as súas opinións en cantas cuestións sexan obxecto de tratamento ou debate no seno do órgano do que sexan membros e exercer o seu dereito ó voto, facendo constar, no seu caso e se así o desexan, o particular razoado que emitan.

b) Intervir nas tarefas federativas propias do cargo ou función que ostenten, cooperando na xestión que compete ó órgano ó que pertencen.

c) Coñecer o contido das actas das sesións do órgano do que forman parte.

d) Os demais que, regulamentariamente, se establezan.

2. As súas obrigacións, tamén básicas:

- a) Concorrer, cando sexan formalmente citados para elo, ás reunións, salvo que o impidan razóns de forma maior.
- b) Desempeñar, na medida do posible, as comisións que se lles encomenden.
- c) Colaborar lealmente na xestión federativa gardando, cando fose mester, o segredo sobre as deliberacións.
- d) As demais que se determinen pola vía regulamentaria especificamente

Artigo 23 – 1. Con independencia das responsabilidades penais, civís e administrativas que de forma xeral consagra o ordenamento español, os membros dos diferentes órganos da F.G.E. son responsables, especificamente, dos actos, resolucións ou acordos adoptados por aquel do que formen parte, coa salvedade que establece o artigo 21.7 deste ordenamento.

2. O son, así mesmo, polo incumprimento dos acordos de calquera órgano federativo, normas xerais ou comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo, nos termos previstos na Lexislación Deportiva Xeral, nos presentes Estatutos e en Regulamentos.

Artigo 24 – 1. Os membros dos órganos da F.G.E. cesan polas seguintes causas:

- a) Expiración do período de mandato.
- b) Remoción, nos supostos no que proceda, por non tratarse de cargos electivos.
- c) Dimisión.
- d) Incapacidade que impida o desempeño do cargo.
- e) Incorrer nalgunha das causas de inelixibilidade que enumera o artigo 18 dos presentes Estatutos.
- f) Incompatibilidade, sobrevida, das establecidas legal ou estatutariamente.

2. Tratándose do Presidente da F.G.E. o será tamén a moción de censura, que sempre será construtiva. Serán requisitos para elo:

- a) Que se formule por un terzo, polo menos, dos membros da Asemblea Xeral, mediante escrito motivado, individual ou colectivo, no que constaría o nome do candidato que, de prosperar a moción de censura, sairía elixido. Con dito escrito axuntarase copia do documento nacional de identidade.
- b) A Asemblea deberase convocar nun prazo máximo de trinta días e mínimo de vinte días, sendo presidida polo membro de maior idade e, exercendo de Secretario da mesma, o de menor idade.
- c) Que se aprobe pola maioría absoluta dos asistentes sen que, en ningún dos casos, se admita o voto por correo.

CAPÍTULO II

Os Órganos de Goberno e Representación

Sección 1ª

Da Asemblea Xeral

Artigo 25 – 1. A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da F.G.E.

2. Está composta por un número determinado membros; a súa distribución por estamentos e número exacto, fixarase segundo as normas que se determinen no regulamento electoral da convocatoria de eleccións correspondente.

3. Nela estarán contemplados os seguintes estamentos:

- a) Clubs e Seccións de Espeleoloxía.
 - b) Deportistas espeleólogos.
 - c) Técnicos.
4. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos por sufraxio universal libre, igual e segredo, na forma que determinan os artigos do 26 ata o 31 dos presentes Estatutos.
5. O presidente saínte será membro da Asemblea para os efectos de presentarse á reelección, condición que se perderá no caso de non se presentar ou de presentarse e non saír reelixido.
6. A Asemblea Xeral poderase reunir en Pleno ou en Comisión Delegada.

Artigo 26 – 1. A porcentaxe de Clubs estará comprendido entre un 60% e un 75%.

2. A calidade de membro da Asemblea corresponderá aos Clubs que resulten elixidos, e a súa representación corresponderá ó Presidente, ou quen estatutariamente lle substitúa, ou a persoa que o Club designe.

Artigo 27 – A porcentaxe de espeleólogos non poderá superar o 30%.

Artigo 28 – A porcentaxe de técnicos non poderá superar o 10%.

Artigo 29 – As vacantes que eventualmente se produzan na Asemblea Xeral, cubriranse có seguinte candidato máis votado.

Artigo 30 – Serán requisitos xerais para ser electores e elixibles:

a) Nos estamentos de espeleólogos e técnicos, ter cumpridos, como electores e como elixibles, os dezoito anos, e estar en posesión de licenza ou titulación, na calidade que corresponda, no momento da convocatoria dos comicios, e habela tido o ano anterior. Para ser elixible, ademais das anteriores, haber participado no mesmo período nas actividades do calendario oficial da F.G.E.

b) No estamento de Clubs, os que no momento da convocatoria participaren nas actividades do calendario oficial da F.G.E. e o fixeran tamén o ano anterior.

Artigo 31 – A elección de todos os representantes efectuarase a través da circunscrición autonómica única.

Artigo 32 – 1. Corresponde á Asemblea Xeral, en reunión plenaria, con carácter necesario:

a) A aprobación do orzamento anual e a súa liquidación.

b) A aprobación do calendario deportivo.

c) A aprobación e modificación dos Estatutos.

d) A elección e cese do Presidente.

e) A elección, na forma que determina o artigo 34 dos presentes Estatutos, da súa Comisión Delegada.

2. Compételle ademais:

a) Autorizar o gravame ou alienación de bens inmobles cando o importe da operación sexa maior ó 25% do orzamento da F.G.E., precisándose para tal aprobación a maioría absoluta dos presentes, así como, contar coa autorización e/o informe favorable emitido pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

b) Resolver as proposicións que lle sometan á Xunta Directiva da F.G.E., ou os propios asembleístas en número non inferior a tres.

c) As demais competencias que se conteñen no presente ordenamento ou que se lle outorgue regulamentariamente.

d) Regular e modificar as competicións oficiais e as súas clases, nas diversas categorías, así como, o sistema e forma de aquelas.

3. Poderán tratarse na Asemblea, cando concorran razóns de especial urxencia, asuntos ou propostas que presenten o Presidente ou a Xunta Directiva ata corenta e oito horas antes da data da sesión, sempre que preste a súa anuencia a maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 33 – 1. A Asemblea Xeral reunirse unha vez ó ano en sesión plenaria ordinaria para os fins da súa competencia.

2. As demais reunións terán carácter extraordinario e poderán ser convocadas a iniciativa do Presidente, polo acordo da Comisión Delegada adoptado por maioría, ou pola solicitude dun número de membros da Asemblea non inferior ó 25%. Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo de 10 días naturais. Desde a convocatoria ata a data de celebración da Asemblea, non poderán transcorrer máis de vinte días naturais.

3. Á convocatoria deberá axuntarse a súa orde do día, así como, a documentación concernente aos asuntos que deberán tratarse, se ben esta última poderá remitirse dentro dos dez días previos á data da súa celebración ou, mesmo, ata corenta e oito horas antes da mesma, nos supostos de urxencia que prevé o punto 3 do artigo anterior.

Sección 2ª

A Comisión Delegada da Asemblea Xeral

Artigo 34 – 1. A Comisión Delegada será elixida mediante sufraxio universal libre, directo, igual e segredo, entre os membros da Asemblea Xeral. O seu mandato coincidirá có da mesma.

2. A Comisión Delegada da Asemblea Xeral estará composta polo 15% dos membros da Asemblea. En ningún caso este número será inferior a cinco nin superior a quince, tendo que estar contemplados nela todos os estamentos, na proporción de 3/5 para o estamento de Clubs e 1/5 para cada un dos estamentos de deportistas e técnicos.

Artigo 35 – 1. Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a) Modificación do calendario oficial de actividades.
- b) A modificación dos orzamentos.
- c) A aprobación e modificación dos Regulamentos.

2. As eventuais modificacións a que fan referencia os tres apartados que anteceden, non poderán exceder dos límites e criterios que a Asemblea Xeral estableza, e a proposta sobre os mesmos corresponderá ou ó Presidente da F.G.E. ou á Comisión Delegada, cando esta última o acorde por maioría simple dos mesmos.

3. Compete tamén á Comisión Delegada:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) O seguimento da xestión deportiva e económica da F.G.E., mediante elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral, sobre a memoria de actividades e a liquidación do orzamento.
- c) Autorizar o gravame ou alienación de bens inmobles, cando o importe da operación non exceda dos límites que prevé o artigo 32, debéndose adoptar tal clase de acordos por maioría absoluta.

Artigo 36 – 1. A Comisión Delegada reunirse como mínimo unha vez cada catro meses a proposta do Presidente.

2. A súa convocatoria corresponderá, en todo caso, ó propio Presidente e deberá efectuarse cunha antelación de sete días, salvo no suposto que prevé o artigo 21 dos presentes Estatutos.

Sección 3ª Do Presidente

Artigo 37 – 1. O Presidente da F.G.E. é o órgano executivo da mesma. Ostenta a súa representación legal.

2. Convoca e preside a Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada e a Xunta Directiva, e executa os acordos de todos estes órganos. Ten, ademais, dereito a asistir a cantas sesións celebren calquera dos órganos e comisións federativos.

3. Correspóndelle, en xeral e ademais das que se determinan nos presentes Estatutos, no seu Regulamento, as funcións non encomendadas especificamente á Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada e á Xunta Directiva.

4. Será elixido cada catro anos, coincidindo cós anos dos Xogos Olímpicos de inverno, mediante sufraxio universal libre, directo, igual e segredo, polos e entre os membros da Asemblea Xeral. Os candidatos, que terán necesariamente a condición política de galegos, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981 do 6 de Abril do Estatuto de Autonomía para Galicia, deberán ser presentados, como mínimo, polo 10% dos membros daquela, e a súa elección se levará por un sistema de dobre volta, no caso de que na primeira volta ningún candidato acade a maioría absoluta dos votos emitidos. Para a súa elección non será válido o voto por correo.

5. No poderá ser reelixido Presidente quen houbera ostentado ininterrompidamente tal condición durante os tres períodos inmediatamente anteriores, calquera que houbese sido a duración efectiva destes.

6. Mentres desempeñe o seu mandato, o Presidente non poderá exercer cargo algún noutro órgano federativo, salvo que estatutariamente lle corresponda, ni en Club, Asociación ou Sección de Espeleoloxía suxeito á disciplina da F.G.E., ou en federación deportiva española ou galega que non sexa a de Espeleoloxía.

7. Presidirá a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada, a Xunta Directiva coa autoridade que é propia do seu cargo, correspondéndolle a dirección dos debates, con voto de calidade en caso de empate.

8. Nos supostos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida transitoriamente desempeñar as súas funcións, o Presidente será substituído polos Vicepresidentes, na súa orde, en defecto de eles polo Secretario Xeral e, na última instancia, polo membro de maior antigüidade ou polo de máis idade se aquela fora a mesma.

9. Cando o Presidente cese no cargo por haber rematado o tempo do seu mandato, a Xunta Directiva constituirase en Comisión Xestora, e convocará eleccións aos órganos de goberno e representación da F.G.E., de conformidade có Regulamento e o calendario electoral. Si o Presidente cesara por calquera outra causa distinta, se procederá de idéntico modo, pero limitado exclusivamente o proceso á elección de quen teña que substituílo, que ocupará o cargo por tempo igual ó que restase por cumprir ó substituído, sendo ademais de aplicación, no que a este respecta, a norma que prevé o artigo 19.2 do presente ordenamento.

CAPÍTULO III Dos Órganos Complementarios Da Xunta Directiva

Artigo 38 – 1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado complementario dos do goberno e representación, que asiste ó Presidente, e a quen compete a xestión da F.G.E.

2. Os seus membros serán designados e revocados libremente polo Presidente da Federación, que a presidirá, sendo necesario que todos os seus membros teñan a condición política de galegos segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981 do 6 de Abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. A formarán un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, formando parte da mesma os Vicepresidentes, o Director da Escola, o Coordinador do Grupo de Espeleosocorro e cantos vocais sexan necesarios.

3. Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea, terán acceso ás sesións da mesma con dereito a voz pero sen voto.

4. Os membros da Xunta Directiva cooperarán por igual na xestión que a mesma compete e responderán de ela ante o propio Presidente.

5. Os membros da Xunta Directiva non poderán desempeñar cargo algún en asociación que o seu fin primordial sexa a práctica da Espeleoloxía, e lles será de aplicación as incompatibilidades que prevé o artigo 18 do presente ordenamento.

6. Os membros da Xunta Directiva son especificamente responsables dos actos, resolucións ou acordos adoptados ante a Asemblea Xeral.

Artigo 39 – 1. A Xunta Directiva reunirse como mínimo tres veces ó ano, correspondendo ó Presidente, a súa convocatoria e determinación dos asuntos da orde do día de cada sesión. O prazo mínimo da convocatoria será de corenta e oito horas.

2. Os acordos se tomarán por maioría, dirimindo os eventuais empates o voto de calidade do Presidente.

Artigo 40 – 1. A Comisión Permanente estará constituída polo Presidente ou o Vicepresidente e dous membros da Xunta Directiva.

2. A Comisión Permanente terá como misión exclusiva resolver todos os asuntos que requiran decisión urxente, así como, aqueles outros que se consideren de trámite, dando, en todo caso, conta da súa actuación á Xunta Directiva na súa primeira reunión, e facéndoo de igual forma á Comisión Delegada e Asemblea Xeral.

Artigo 41 – O Presidente poderá delegar as súas funcións no Vicepresidente ou en calquera persoa da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV

Dos Órganos de Réxime Interno

Artigo 42 – 1. O Secretario da Federación, nomeado polo Presidente e directamente dependendo do mesmo, ten o seu cargo a organización administrativa da F.G.E. e lle corresponde especificamente:

a) Levantar actas das sesións da Asemblea Xeral, da súa Comisión Delegada e da Xunta Directiva, actuando como Secretario de ditos órganos, así como, das Comisións que puidesen crearse.

b) Expedir certificados oportunos dos actos emanados dos meritados órganos.

c) Resolver os asuntos de trámite.

d) Velar polo exacto cumprimento dos acordos dos órganos federativos.

e) Firmar as comunicacións e circulares.

f) Elevar á Xunta Directiva as propostas relativas á organización federativa en materia da súa competencia e levalas a feito unha vez autorizadas.

g) Informar ó Presidente da marcha dos asuntos pendentes e propoñer as medidas que considere necesarias en materias da súa competencia.

h) Remitir á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia as actas das reunións da Asemblea Xeral e Comisión Delegada, nun prazo de quince días desde a data da súa celebración.

i) Comunicar a todos os membros da Asemblea Xeral, á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e á Federación Española de Espeleoloxía, o nomeamento ou renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios e dos comités que puideran crearse dentro do seno da F.G.E., nun máximo de quince días a partir da data de dito nomeamento.

j) Calquera outra que obrigue á F.G.E. en función dos acordos da súa Asemblea Xeral ou aplicación da Lexislación vixente.

2. O Secretario Xeral será nomeado polo Presidente da F.G.E.

Artigo 43 – As actas a que fai referencia o punto 1.a) do artigo anterior, deberán especificar o nome das persoas que asistiron, as intervencións, resumidas, que houberse, e as demais circunstancias que se consideren oportunas, así como, o resultado das votacións, con especificación dos votos a favor, en contra, os particulares, no seu caso, as abstencións e o texto dos acordos adoptados.

Artigo 44 – A xestión económica da F.G.E. correrá a cargo do Tesoureiro baixo a dirección da Xunta Directiva e, en tal sentido lle corresponde:

a) Supervisar a contabilidade da F.G.E.

b) Propoñer os cobros e pagamentos, redactar os orzamentos e balances segundo a normativa vixente para as federacións deportivas.

c) Regulamentar os gastos, exercer a inspección económica de todos os órganos federativos.

d) Exercer o control das subvencións que se asignen aos Clubs e deportistas.

e) Propoñer a adquisición dos bens precisos para as necesidades en materias de competencia.

f) Informar á Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada, ó Presidente e á Xunta Directiva, sobre as cuestións que lle sexan sometidas ou que considere relevantes para o bo orde económico.

Artigo 45 – Serán funcións do Coordinador de Espeleosocorro:

a) A organización do Grupo de Espeleosocorro Galego no seu ámbito autonómico, así como, a coordinación dos efectivos humanos que participen nun rescate no caso que sexan requiridos.

b) O funcionamento e organización do Grupo de Espeleosocorro Galego se desenvolverá nunha regulamentación específica.

Artigo 46 – Poderán existir outros cargos de carácter administrativo coas accións que especificamente se lles atribúa.

Artigo 47 – Tamén, poderán existir dentro da Xunta Directiva da F.G.E., con carácter de Asesores, con voz pero sen voto, os que designe o Presidente entre os especialistas en diversas materias.

CAPÍTULO V

Da Escola Galega de Espeleoloxía (E.G.E.)

Artigo 48 – A Escola Galega de Espeleoloxía, no sucesivo E.G.E., é o órgano docente da F.G.E. e ten como fins:

a) A ensinanza, divulgación e promoción da Espeleoloxía na súas diversas especialidades no ámbito da Comunidade Autónoma Galega.

b) A incorporación dos novos métodos, técnicas e avances acadados na práctica da Espeleoloxía en todas as súas especialidades e, especialmente, as técnicas que supoñan unha prevención e diminución dos accidentes.

Artigo 49 – Son competencias da E.G.E.:

a) A ensinanza da Espeleoloxía nas súas diversas especialidades, a formación do profesorado e dos seus cadros técnicos.

b) O establecemento do réxime xeral de ensinanza espeleolóxicas.

c) A regulación dos requisitos mínimos que deben ter os cursos de Espeleoloxía de base, referentes a: Titulación do profesorado que os imparte, relación numérica profesor-alumno, contidos e actividades prácticas a desenvolver e temporalización dos mesmos.

Artigo 50 – O Director da E.G.E. será nomeado polo Presidente da F.G.E. de entre os compoñentes do seu cadro docente e será membro da súa Xunta Directiva, representando á E.G.E. ante os diferentes organismos.

Artigo 51 – A organización e funcionamento da E.G.E. regularase mediante un regulamento específico.

TÍTULO V

DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 52 – 1. O ámbito da disciplina federativa esténdese ás infraccións da regulamentación sobre zonas de traballo asignadas, ás dos campionatos e actividades, á protección do medio soterrado e o seu entorno, ás normas de seguridade no desenvolvemento da exploración, ás normas sobre o desenvolvemento dos cursos da E.G.E. e das normas xerais deportivas, tipificadas na Lei do Deporte, nas súas disposicións de desenvolvemento e no propio ordenamento xurídico da F.E.E. e F.G.E.

2. Son infraccións á regulamentación sobre asignación de zonas de traballo, as accións u omisións que realicen os Clubs ou espeleólogos, que sexan contrarias ó que dita regulamentación obriga ou prohibe.

3. Son infraccións ás regras dos campionatos e actividades, as accións u omisións que durante o curso de aqueles, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

4. Son infraccións ás normas sobre protección do medio soterrado e o seu entorno, as accións u omisións que de forma intencionada atenten ás mesmas.

5. Son infraccións ás normas sobre seguridade no desenvolvemento da actividade deportiva, as accións u omisións susceptibles de poñer en risco o desenvolvemento da exploración.

6. Son infraccións ás normas sobre o desenvolvemento dos cursos da E.G.E.:

a) As infraccións á ética docente nas relacións entre os membros da E.G.E., nas relacións profesor-alumno e, especialmente, á avaliación nos cursos da E.G.E.

b) As infraccións ás normas sobre seguridade no desenvolvemento dos cursos e actividades da E.G.E.

c) As infraccións polo uso indebido ou deterioro das instalacións e do material có que se desenvolven os cursos e as actividades.

7. Son infraccións ás normas xerais deportivas, as demais accións u omisións que sexan contrarias ó que as mesmas determinan, obrigan ou prohiben.

Artigo 53 – A disciplina deportiva se rexe pola Lei do Deporte (Lei 11/1997 do 22 de Agosto, e de aplicación supletoria o Real Decreto 1591/1992 do 23 de Decembro (B.O.E. do 19 de Febreiro de 1.993) sobre Disciplina Deportiva, polos presentes Estatutos e pola regulamentación federativa que os desenvolve.

Artigo 54 – A F.G.E. exerce a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que forman parte da súa propia estrutura orgánica, sobre os Clubs e os seus afiliados, técnicos e dirixentes e, en xeral, sobre todas aquelas persoas ou entidades que, estando adscritas á F.G.E., desenvolven funcións ou exercen cargos no marco da Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 55 – 1. A potestade disciplinaria que corresponde á F.G.E. exercerase por un Comité Disciplinario formado por tres persoas.

2. Contra as resolucións ditadas polo Comité Disciplinario, caberá interpoñer recurso perante o Comité de Apelación, composto por dúas persoas elixidas a proposta da Asemblea Xeral.

3. Os acordos dos Comités de Apelación serán recorribles perante o Comité Español de Disciplina Deportiva e o Comité Galego de Xustiza Deportiva, segundo sexa o caso de competencia.

Artigo 56 – 1. Na determinación da responsabilidade das infraccións deportivas, os órganos disciplinarios federativos deberán aterse aos principios informadores do dereito sancionador.

2. Non poderá impoñerse sanción algunha por accións u omisións non tipificadas como infracción, no momento de producirse, polas disposicións á sazón vixentes. Tampouco poderán impoñerse correctivos que non estean establecidos pola norma anterior á perpetración da falta cometida.

3. Só poderán impoñerse sancións en virtude do expediente instruído ó efecto, con audiencia do interesado e ulterior dereito a recurso.

Artigo 57 – A petición expresa e fundada do interesado, os órganos disciplinarios poderán acordar, motivadamente, a suspensión da execución das sancións impostas, sexa cal fose o procedemento seguido, sen que a mera interposición dos recursos que contra as mesmas correspondan, paralice ou suspenda o seu cumprimento. Ponderarase, como especial circunstancia para acceder a deixar en suspenso a execución do acto recorrido, os prexuízos de difícil ou imposible reparación que puideran derivarse do seu cumprimento.

Artigo 58 – Na Secretaría da F.G.E. deberá levarse, de forma escrupulosa e ó día, un rexistro das sancións impostas, aos efectos, entre outros, da posible apreciación de circunstancias modificadoras da responsabilidade e do cómputo dos termos de prescrición, tanto de infraccións como de sancións.

Artigo 59 – As resolucións deberán expresar a tipificación do feito que se sanciona, con cita do precepto violado e expresión do recurso que cabe interpoñer, ilustrando sobre o órgano a quen corresponda dirixilo e do prazo establecido para elo.

Artigo 60 – 1. Os acordos que adopten os órganos disciplinarios federativos deberán notificarse aos interesados mediante oficio, carta, telegrama, fax ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción, dirixíndose ó enderezo persoal ou social de aqueles ou ó que, a estes efectos, houberan sinalado.

2. As notificacións deberán conter o texto íntegro da resolución ou acordo, con expresión dos recursos que procedan, do órgano perante o que terán que formalizalo e do prazo para interpoñelos.

Artigo 61 – 1. As cuestións que non teñan carácter disciplinario e que se susciten entre persoas ou entidades adscritas á F.G.E., resolveranse por un Comité Xurisdiccional e de Conciliación.

2. O Comité Xurisdiccional e de Conciliación previsto no apartado anterior, poderá resolver, por medio das fórmulas xenéricas de conciliación e arbitraje correspondentes, as diferenzas que se produzan en cuestións litixiosas entre deportistas, técnicos e Clubs integrados na F.G.E.

3. A composición e funcións do Comité determinaranse regulamentariamente.

Artigo 62 – As faltas poden ser moi graves, graves e leves, determinación que se fará en base aos principios e criterio establecidos regulamentariamente.

Artigo 63 – 1. Aos efectos dos presentes estatutos se considerarán, en todo caso, como infraccións moi graves as seguintes:

a) Os abusos de autoridade.

b) Os quebrantamentos de sancións impostas.

c) A promoción, incitación, consumo ou emprego de prácticas a que se refire o artigo 56 da Lei do Deporte, así como, a negativa a someterse aos controles esixidos polos órganos e persoas competentes, ou calquera acción u omisión que impida ou perturbe a correcta realización de ditos controles.

d) A participación en competicións ou actividades organizadas por países que promovan a discriminación racial, ou con deportistas que representen aos mesmos.

e) O non respectar a normativa específica de asignación das zonas de traballo.

f) Calquera acto u omisión que de forma intencionada ou sen atender á dilixencia debida, produza un prexuízo grave no medio soterrado ou no seu entorno, como: contaminación dos recursos hídricos, rotura indiscriminada ou recolección de formacións, comercialización das mesmas ou atentados contra a fauna, flora, o patrimonio natural, histórico e paleontolóxico.

g) A inexecución das resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva e o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

h) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

i) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante terceiras persoas, prezo, intimidación ou simples acordos, o resultado dos campionatos e actividades.

j) Os comportamentos, actitudes e xestos agresivos e antideportivos de deportistas, cando se dirixan aos xuíces, a outros deportistas ou ó público.

k) A falta de asistencia non xustificada ás convocatorias das seleccións nacionais e autonómicas.

l) Os actos notorios e públicos que de forma reincidente atenten á dignidade ou decoro deportivos, o cando revistan especial gravidade.

2. Así mesmo, consideraranse infraccións moi graves dos membros directivos dos órganos da F.G.E. as seguintes:

a) O incumprimento dos acordos da Asemblea Xeral, así como, do Regulamento Electoral e demais disposicións estatutarias ou regulamentarias.

b) A non convocatoria, nos prazos ou condicións legais, de forma sistemática e reiterada, dos órganos colexiados federativos.

c) A inexecución das resolucións do Comité Español de Disciplina Deportiva e do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

d) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avales e demais axudas do Estado, dos seus organismos autónomos ou de outro modo concedidos con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, así como, a obtención de beneficios pola posesión de información privilexiada.

e) O compromiso de gastos de carácter plurianual do orzamento da F.G.E., sen a regulamentaria autorización.

f) A organización de actividades ou competicións oficiais de carácter internacional, nacional e autonómico, sen a regulamentaria autorización.

3. Así mesmo, consideraranse infraccións moi graves dos membros da E.G.E. as seguintes:

a) O abuso de autoridade derivado da posición dentro do cadro docente da E.G.E.

b) O non respectar as directrices establecidas para as actividades oficiais da E.G.E.

c) O non respectar os criterios da avaliación nos cursos da E.G.E. e os datos confidenciais relativos aos mesmos.

d) As infraccións graves ás normas sobre desenvolvemento dos cursos e actividades da E.G.E.

e) O deterioro grave ou uso indebido das instalacións ou do material da E.G.E.

f) A incorrecta utilización dos fondos da E.G.E.

g) Calquera acción u omisión que atente gravemente contra o prestixio da E.G.E.

h) O uso indebido, en beneficio propio, das acreditacións como membro da E.G.E.

i) A reiteración nas faltas graves específicas da E.G.E.

4. Serán, en todo caso, infraccións graves:

a) Calquera acto u omisión que de forma intencionada ou sen atender á dilixencia debida, produza menoscabo na integridade ou calidade do medio soterrado ou no seu entorno.

b) O incumprimento reiterado de ordenes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.

c) Os actos notorios e públicos que atenten á dignidade ou decoro deportivos.

d) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas incompatibles coa actividade ou función deportiva desempeñada.

e) A non convocatoria, nos prazos e condicións legais, dos órganos colexiados federativos.

f) O incumprimento das regras de administración, xestión do orzamento e patrimonio previstos no capítulo V da Orde do 28 de Xuño de 1.995, pola que se desenvolve o Decreto 228/1994 do 14 de Xullo regulador das Federacións Deportivas Galegas.

g) O non respectar a normativa específica de asignación de zonas de traballo.

i) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

5. Así mesmo, considéranse infraccións graves dos membros da E.G.E. as seguintes:

a) O incumprimento intencionado das responsabilidades docentes e calquera outra inherente á condición de membro da E.G.E.

b) O descoido ou negligencia nas normas de seguridade no desenvolvemento e das actividades e cursos da E.G.E.

- c) O deterioro ou uso indebido das instalacións e do material da E.G.E.
- d) A reiteración nas faltas leves específicas da E.G.E.

6. Consideraranse infraccións de carácter leve:

a) As condutas claramente contrarias ás normas deportivas, que non están incursas na cualificación de moi graves ou graves nos presentes Estatutos, ou nas normas regulamentarias desenvoltas.

b) Calquera acto u omisión que de forma intencionada ou sen atender á dilixencia debida, produza menoscabo na integridade ou calidade do medio soterrado ou no seu entorno.

c) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.

d) O non respectar a normativa específica de asignación de zonas de traballo.

7. Así mesmo, consideraranse infraccións leves dos membros da E.G.E. as seguintes:

a) O abandono ocasional non xustificado das responsabilidades docentes e outras calquera inherentes á condición de membro da E.G.E.

b) O descoido na conservación das instalacións e do material da E.G.E.

Artigo 64 – Considéranse, en todo caso, como circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaria deportiva:

a) A de arrepentimento espontáneo.

b) A de haber precedido, inmediatamente á infracción, unha provocación suficiente.

c) Non haber sido sancionado con anterioridade.

Artigo 65 – **1.** Considerarase, en todo caso, como circunstancia agravante da responsabilidade disciplinaria deportiva a reincidencia.

2. Existirá reincidencia cando o autor fose sancionado con anterioridade por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade, ou por dous infraccións ou máis de inferior gravidade da que nese suposto se trate.

3. A reincidencia se entenderá producida no transcurso de dous anos, contando a partir do momento no que se houbese cometido a infracción.

Artigo 66 – **1.** As sancións susceptibles de aplicación serán as seguintes:

a) A inhabilitación, suspensión ou privación da licenza federativa, con carácter temporal ou definitivo, en adecuada proporción ás infraccións cometidas.

b) Imposibilidade por parte dunha entidade de Espeleoloxía de acceder a unha zona de traballo, con carácter temporal ou definitivo, en adecuada proporción ás infraccións cometidas.

c) Apercibimento.

d) A facultade, para os correspondentes órganos disciplinarios, de alterar o resultado das competicións por causa de predeterminación perante prezo, intimidación ou simples acordos do resultado.

e) As de carácter económico no caso que este implicado un Club.

2. Pola comisión das infraccións enumeradas no artigo 63.2 poderán impoñerse as seguintes sancións:

a) Amoestación pública.

b) Inhabilitación temporal de dous meses a un ano.

c) Destitución do cargo.

3. Pola comisión de infraccións enumeradas no artigo 63 no seus puntos 3, 5 e 7, ademais das sancións anteriormente enumeradas poderá impoñerse como accesoria a sanción de:

a) Baixa temporal ou permanente do cadro docente da E.G.E.

Artigo 67 – 1. As infraccións prescribirán aos tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescrición o día seguinte á comisión da infracción. O prazo de prescrición interromperase pola iniciación de procedemento sancionador, pero se este permanecese paralizado perante un mes, por causa non imputable á persoa ou Entidade suxeita a dito procedemento, volverá a correr o prazo correspondente interrompéndose do novo a prescrición ó reanudarse a tramitación do expediente.

2. As sancións prescribirán aos tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo de prescrición desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde que se quebrante o seu cumprimento si este houberse comezado.

Artigo 68 – 1. Os órganos disciplinarios deportivos competentes deberán comunicar ó Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puideran revestir caracteres de delito ou falta penal.

2. Neste caso os órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento, segundo as circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

3. No caso de que se acordara a suspensión do procedemento, poderán adoptarse medidas cautelosas perante providencia notificada a todas as partes interesadas.

Artigo 69 – Consideraranse, en todo caso, como causas de extinción da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- a) O falecemento do inculpado.
- b) A disolución do Club.
- c) O cumprimento da sanción.
- d) A prescrición das infraccións ou das sancións.
- e) A perda da condición de deportista federado.

Artigo 70 – O procedemento extraordinario que se tramitará para as sancións correspondentes ás infraccións ás normas deportivas xerais, axustarase aos principios e regras da lexislación xeral e a o establecido no Real Decreto 1591/1992 do 23 de Decembro sobre Disciplina Deportiva, especialmente nos artigos 37 ó 57.

TÍTULO VI

DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 71 – 1. A F.G.E. ten o seu propio réxime de administración e xestión do patrimonio e orzamento.

2. A Federación non poderá aprobar orzamentos deficitarios, se ben, excepcionalmente, poderá a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia autorizar tal carácter.

3. A administración do orzamento responderá ó principio de caixa única, debendo dedicarse os ingresos propios, de forma prioritaria, aos gastos da estrutura federativa.

4. A contabilidade axustarase ás normas do Plan Xeral de Contabilidade e ás disposicións que ó efecto dite a administración da Comunidade Autónoma Galega.

5. No primeiro mes de cada ano, deberá formalizarse o Balance de situación e as Contas de Ingresos e Gastos, que se elevará á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para o seu coñecemento.

Artigo 72 – Constitúen ingresos da F.G.E.:

- a) As subvencións que as Entidades públicas podan concederlles.
- b) As herdanzas, legados ou doazóns que lle sexan outorgados.
- c) Os beneficios que produzan as actividades deportivas que organicen.
- d) Os froitos do seu patrimonio.
- e) Os préstamos ou créditos que obteña.
- f) As cotas de amortización de anticipos e préstamos que procedan e o produto da alienación do seus bens.
- g) Os beneficios que puideran derivarse das actividades que prevé a letra c) do artigo seguinte.
- h) Os que puideran derivarse da percepción de cotas de afiliación ou dereitos de expedición de licencias e títulos.
- i) Calquera outros que lle podan ser atribuídos por disposición legal en virtude dun convenio.

Artigo 73 – A F.G.E., no que ó réxime económico concirne, sométese ás seguintes regras:

- a) Deberá aplicar os beneficios económicos, se os houbese, das actividades deportivas, ó desenvolvemento do seu obxecto social.
- b) Pode gravar e alienar os seus bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que eses negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o seu patrimonio ou o seu obxecto social. Cando se trate de bens inmoables que foran financiados, en todo ou en parte, con fondo públicos, o seu gravame ou alienación precisará a autorización do organismo competente.
- c) Pode exercer, con carácter complementario, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos, e destinar os seus bens e recursos aos mesmos obxectivos, pero en ningún caso poderá repartirse beneficios entre os seus membros.
- d) Non poderá comprometer gastos de carácter plurianual sen autorización da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento ou rebase o período de mandato do Presidente. Este porcentaxe revisarase anualmente pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- e) Poderá someterse anualmente a auditorías financeiras e, no seu caso, de xestión, así como, a información de revisión limitada sobre a totalidade dos gastos. Estas actuacións poderán ser encargadas pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- f) As contas anuais e os orzamentos deberán estar no enderezo social da F.G.E. a disposición dos membros da Asemblea Xeral, cunha antelación mínima de quince días á celebración desta, podendo pedir copia que se lles entregará antes da súa celebración.

TÍTULO VII

DO RÉXIME DOCUMENTAL E CONTABLE

Artigo 74 – 1. Integran, en todo caso, o réxime documental e contable da F.G.E.:

a) O Libro de Rexistro de Clubs e Entidades Deportivas no que constará as denominacións destas, enderezo social e filiación dos Presidentes e membros das súas Xuntas Directivas, consignándose as datas de toma de posesión e cese, no seu caso, dos interesados.

b) O Libro de Actas, que consignará as reunións da Asemblea Xeral, da súa Comisión Delegada e da Xunta Directiva.

c) Os Libros de Contabilidade, nos que figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e os ingresos e gastos da F.G.E., debendo precisarse a procedencia de aqueles e a inversión ou destino de estes.

d) O Libro Inventario de bens e inmobles.

e) Os demais que legalmente sexan esixibles.

2. Serán causas de información ou exame dos libros federativos, as establecidas pola Lei ou os pronunciamentos, en tal sentido, dos xuíces ou tribunais, das autoridades superiores, ou, no seu caso, dos auditores.

TÍTULO VIII

DA DISOLUCIÓN DA F.G.E.

Artigo 75 – 1. A F.G.E. disolverase:

a) Pola revogación do seu recoñecemento. Se desapareceran as condicións ou motivacións que deron lugar ó mesmo, ou a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia estimase o incumprimento dos obxectivos para os que a Federación foi constituída, instruírase un procedemento, dirixido á revogación de aquel recoñecemento, con audiencia da propia F.G.E. e, no seu caso, dos Clubs nela integrada. Concluso aquel, a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia resolverá, motivadamente, sobre tal revogación e, contra o seu acordo, caberá interpoñer os recursos administrativos pertinentes.

b) Por resolución xudicial.

c) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico xeral.

2. No caso da disolución da F.G.E., o seu patrimonio neto, se o houberse, aplicarase á realización de actividades análogas, determinándose pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia o seu destino concreto.

TÍTULO IX

DA APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS FEDERATIVOS

Artigo 76 – A aprobación ou reforma dos Estatutos e Regulamentos Xerais da F.G.E. axustarase ó seguinte procedemento:

a) O proceso de modificación, salvo cando este fose por imperativo legal, iniciárase a proposta, exclusivamente, do Presidente da F.G.E. ou a maioría simple dos membros da Comisión Delegada.

b) Os regulamentos e modificacións aos mesmos aprobaranse pola Comisión Delegada.

c) Tratándose de Estatutos, convocarase á Asemblea Xeral, a quen corresponde a súa aprobación, a cal decidirá tras discutirse o texto proposto e as emendas, no seu caso, presentadas.

d) Recaída, no seu caso, a pertinente aprobación, elevarase o acordado á Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, aos fins que prevé os artigos 31.6 e 34.m) Lei do Deporte 11/1997 do 22 de Agosto.

e) Aprobado o novo texto, se de Estatutos se tratase, pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, publicarase no Diario Oficial de Galicia e inscribirase no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

Disposicións Finais

Primeira – Quedan derogados os Estatutos da F.G.E. ata agora vixentes aprobados pola Dirección Xeral para o Deporte e publicados no DOG nº 68 do Luns 8 de abril de 1996.

Segunda – Os presentes Estatutos entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e deberán inscribirse no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia., trámite que require o artigo 31.6 da Lei do Deporte 11/1997 do 22 de Agosto.